



A CONDICIÓ N FÍSICA SAUDABLE.

A RESISTENCIA CARDIORRESPIRATORIA.

A FORZA E A RESISTENCIA MUSCULAR.

A FLEXIBILIDADE.

OUTRAS CAPACIDADES FÍSICAS DE INTERESE  
PARA A SAÚDE.

OBRADOIRO: AVALIACIÓN DA CONDICIÓ N  
FÍSICA SAUDABLE.

*Dr. Juan José Crespo Salgado.*

*Médico Especialista en Medicina da E.Física e o Deporte.*

*Responsable da Unidade Médica-Servizo de Deportes e*

*Profesor Asociado na Facultade de CCEE e Deporte –Universidade de  
Vigo.*



## 1.-INTRODUCCIÓN:

A Condición Física relacionada coa saúde (“physical fitness” na terminoloxía anglosaxona) pode definirse como “a capacidade física de levar a cabo tarefas cotidianas con vigor e atención, sen caer na fatiga e con abundante enerxía para disfrutar de actividades recreativas durante o tempo libre así como para afrontar emerxencias inesperadas” (Clarke, 1971), ou tamén como “un conxunto de atributos que unha persoa ten ou consegue e que lle confire a capacidade para realizar actividades físicas sen fatiga indebida” (USDHHS, 2008) ou como “un estado dinámico de enerxía e vitalidade que permite ás persoas levar a cabo as tarefas diarias habituais, disfrutar do tempo de ocio activo, afrontar as emerxencias imprevistas sen unha fatiga excesiva, á vez que axuda a evitar as enfermidades hipocinéticas e a desenvolver ao máximo a capacidade intelectual e a experimentar plenamente a ledicia de vivir”. Actualmente identifícanse como Compoñentes da Condición Física saudable (Pate, 1988; Bouchard e Shephard, 1993):

- Resistencia cardiorrespiratoria ou Capacidade Aeróbica (CA): Capacidade de manter actividades que impliquen a grandes grupos musculares durante un periodo de tempo prolongado (a nivel submáximo). A capacidade aeróbica é un compoñente importante da aptitude física, xa que reflicte a capacidade xeral dos sistemas cardiovascular e respiratorio (Mitchell, Sproule e Chapman, 1958; Taylor, Buskirk e Henschel, 1955) e a capacidade de levar a cabo esforzos prolongados e extenuantes (Astrand et al, 2003; Taylor et al, 1955). Dende unha perspectiva da saúde, unha boa resistencia cardiorrespiratoria en adultos tense demostrado importante na redución do risco da hipertensión, obesidade, DM2, enfermidade coronaria, algúns tipos de cancro e outros problemas de saúde (Blair et al., 1989; Blair et al, 2001; WHO/OMS, 2010).
- Forza e Resistencia Muscular (extremidades superiores, inferiores e abdominais): máxima forza exercida contra unha Resistencia ou número de repeticións dun exercicio en determinado tempo.
- Flexibilidade: capacidade para desplazar unha articulación ou varias a través dunha amplitude de movemento completo, sen restricións nen dor, influenciada por músculos, tendóns, e estruturas articulares (Herbert e Gabriel, 2002; Thacker et al, 2004).
- Composición corporal: Cantidade relativa de masa magra e masa graxa. Máis dun 25% de Masa Graxa en varóns e máis dun 32% en mulleres definen a obesidade. A investigación ten demostrado que a graxa excesiva (por encima de 25% de graxa para os nenos e por encima de 32% para as nenas) asociase con maior risco cardiovascular por maiores niveis de lípidos en sangue e de presión arterial (Williams et al, 1992; Church et al, 2005; Schiel et al, 2006) e maior risco de diabeite tipo 2 en nenos e adolescentes, así como adultos (Aristimino et al, 1984; Berenson et al, 1980; 1982; Welss et al, 2003).
- Aptitude Neuromuscular: inclúe o Equilibrio/coordinación e a Axilidade. O Equilibrio/coordinación é unha cualidade que determina o control postural e o esquema corporal das persoas. Axilidade é “un movemento rápido que implica á totalidade do corpo, con cambios de velocidade ou dirección en resposta a un estímulo dado”(Sheppard e Young, 2006).

Todos estes compoñentes da condición física saudable, pero fundamentalmente **a resistencia cardiorrespiratoria** ten unha relación clara con menor enfermidade cardiovascular e menor mortalidade prematura en adultos (Blair et al, 1989; Blair et al, 2001; Myers et al, 2002; Carnethon et al, 2003; Balady, 2002; Church et al, 2005; Barlow et al, 2006; Sui et al, 2007; Kodama et al, 2009; Ruiz et al, 2008), e na



infancia e adolescencia (Kemper, 1999; Rowlands, Eston e Ingledew, 1999; Gutin et al, 2005; Hikiyara et al, 2007; Tomkinson et al, 2003; Ortega et al, 2008; Ruiz et al, 2009).

O exercicio físico, fundamentalmente o denominado aeróbico ou de resistencia cardiorrespiratoria, realizado de xeito regular, é dicir, cunha determinada frecuencia, volume e intensidade produce adaptacións fisiolóxicas (Bird, 1992; Haskell, 1994; McArdle et al, 2000), como: aumento do volume latido cardíaco (Blomqvist e Saltin, 1983), incremento da capilarización dos músculos periféricos implicados no esforzo (Prior et al, 2003), aumento das mitocondrias musculares (Hollows y Coyle, 1984), un maior metabolismo graxo (Mole et al, 1971), un maior contido de mioglobina a nivel muscular (Pattengale e Hollows, 1967) e outras adaptacións que van producir un aumento da capacidade aeróbica ( $VO_{2max}$ ) – Clausen et al, 1973-.

Diferentes estudos prospectivos teñen demostrado de maneira inequívoca que o  $VO_{2max}$  é o predictor máis potente de risco de morte por todas as causas e especialmente por enfermidade cardiovascular, tanto en persoas con historial cardiopatolóxico como en persoas sás, e iso tanto en homes como en mulleres de diferentes idades (Blair et al, 1995; Laukkanen et al, 2001; Myers et al, 2002; Gulati et al, 2003; Mora et al, 2003; Balady, 2002).

Os adultos maiores aparentemente sans con maior aptitude cardiorrespiratoria, e aqueles que melloran esta cualidade física mediante actividade ou exercicio físico (AF e EF) teñen un risco máis baixo de mortalidade por todas as causas, de mortalidade por ECV e da morbilidade (Blair et al, 1995, Lee et al, 2010, Sui et al, 2007; Sui et al, 2007). Unha diminución do risco de eventos clínicos tamén se asocia cunha maior aptitude cardiorrespiratoria en individuos con enfermidades preexistentes (Church et al, 2005, Lee et al, 2005; McAuley et al, 2009; Myers et al, 2002). Un nivel mínimo de capacidade cardiorrespiratoria requírese para obter beneficios para a saúde e poden ser diferentes para homes e mulleres e para os adultos maiores e xóves. Isto débese á distribución da capacidade cardiorrespiratoria diferente entre homes e mulleres saudables (ACSM, 2010) e unha diminución lineal na aptitude cardiorrespiratoria, que ocorre coa idade avanzada, cando no se realiza un programa de exercicio regular (Fleg et al, 2005). Valores normativos, según sexo e idade, da condición física cardiorrespiratoria en adultos aparentemente sans están dispoñibles nas guías do ACSM para as probas e a prescripción de exercicio (ACSM, 2010).

Una boa **aptitude muscular** require que os músculos sexan capaces de exercer forza, presenten resistencia á fatiga (medido como resistencia muscular), e se movan libremente a través dun rango completo de movemento (medido como flexibilidade). Relacións positivas se teñen demostrado entre a aptitude musculoesquelética e o estado de saúde (factores de risco, desenrolo de enfermidade e mortalidade por todas as causas) en adultos (Brill et al, 2000; Fitzgerald et al, 2004; Jurca et al, 2005; Katzmarzyk e Craig, 2002; Kell, Bell e Quinney, 2001; Mason et al, 2007; Payne et al, 2000b). O seguimento da aptitude neuromuscular demostra que se eleva de xeito moderado (máis ca aptitude cardiovascular e respiratoria) da adolescencia á idade adulta xove (Twisk, Kemper, & vanMechelen, 2000). Por estas razóns, forza, resistencia e flexibilidade consideranse importantes dimensións da condición física relacionada coa saúde. A forza muscular diminúe coa idade, a dinamometría manual revelouse como outro potente predictor de mortalidade e esperanza de vida, se ben os mecanismos que determinan esta relación non están totalmente claros (Fahlman et al, 2002; Metter et al, 2002; Jurca et al, 2005). A boa forma física e, particularmente a forza muscular son un predictor de calidade de vida e de expectativa de vida independente (sen necesidade de axuda externa).

A **flexibilidade articular** diminúe co envellecemento, pero pode ser mellorada en todos os grupos de idade (ACSM, 1998; AGS, 2001, Decoster et al, 2005; Gajdosik et al, 2007; Nelson et al, 2007), despois de aproximadamente 3-4 semanas de estiramento regular a unha frecuencia de polo menos dúas ou tres veces á semana (De Weijer, Gorniak e Shamus, 2003; Decoster et al, 2005; Guissard e Duchateau, 2006; Kokkonen et al, 2007; Radford et al, 2006; Reid et al, 2004), e pode mellorar en tan só 10 sesións cun programa intensivo (Guissard e Duchateau, 2006). Os exercicios de flexibilidade poden mellorar a



estabilidade postural e o equilibrio (Costa et al, 2009), especialmente cando se combina con exercicios de resistencia (Bird et al, 2010).

**A aptitude neuromotora** incorpora as habilidades motoras como o equilibrio, a coordinación, a marcha, a axilidade e a propiocepción. O entrenamiento neuromotor (equilibrio/ coordinación/ axilidade) é beneficioso como parte dun programa de exercicios para persoas maiores, especialmente para mellorar o equilibrio, a axilidade, a forza muscular, e reducir o risco de caídas (Bird et al, 2010; Jahnke et al, 2010; Karinkanta et al, 2007; Li, Devault e Van Oteghen, 2007; Nelson et al, 2007; Tuzun et al, 2010).

O Tai Chi, a actividade neuromotora máis amplamente estudada, e os exercicios que incorporan o equilibrio e a axilidade poden ser eficaces para mellorar o equilibrio, a axilidade, o control motor, a propiocepción e a calidade de vida (CDC, 2008; Chin et al, 2008; Gary et al, 2004; Gatts, 2008; Jahnke et al, 2010; Kuramoto, 2006; Li, Xu e Hong, 2008; Logghe et al, 2010; National Heart, Lung, and Blood Institute, 1998; Verhaggen et al, 2004; Wang et al, 2010). A axilidade e o equilibrio pode reducir o risco de caídas e o medo de cair (Karinkanta et al, 2007; Liu-Ambrose et al, 2004) e, probablemente, reducir o número de caídas, aínda que a evidencia máis definitiva necesítase para confirmar este achádegado (Harmer e Li, 2008; Liu-Ambrose et al, 2004; Logghe et al, 2010; Nelson et al, 2007; Wu et al, 2002).

Poucos estudos teñen avaliado os beneficios da práctica de exercicio neuromotor nos adultos máis xóves. Un único estudo sobre o tai chi en adultos de mediana idade informaron de melloras no equilibrio (National Heart, Lung, and Blood Institute, 1998). Hai evidencia limitada de que os exercicios que implican o equilibrio e a axilidade pode reducir a lesión de ligamento cruzado anterior (Hewett, Myer e Ford, 2005; Takeshima et al, 2007) e reducir a lesión de nocello recorrente en homes e mulleres atletas (Hrysomallis, 2007).

Necesítanse máis datos en todas as idades para dilucidar los efectos relacionados coa saúde dos cambios resultantes na mellora desta aptitude e para determinar a eficacia dos diferentes tipos de exercicio e as doses (é dicir, a frecuencia, duración e intensidade) e programas de capacitación.

A pesares de que a xenética ten unha influencia non desdeñábel nos niveis de condición física das persoas (Bouchard, Malina e Perusse, 1997), o exercicio físico, practicado de maneira apropiada, é a mellor ferramenta hoxe dispoñíbel para retrasar e previr as consecuencias do envellecemento así como para fomentar a saúde e o benestar da persoa (Castillo-Garzón, Ortega-Porcel e Ruiz-Ruiz, 2005). De feito, o exercicio físico axuda a manter o adecuado grao de actividade funcional para a maioría das funcións orgánicas. De maneira directa e específica, o exercicio físico mantén e mellora a función músculoesquelética, osteo-articular, cardio-circulatoria, respiratoria, endocrino-metabólica, inmunolóxica e psico-neurolóxica. De maneira indirecta, a práctica de exercicio ten efectos beneficiosos na maioría, se non en todas, as funcións orgánicas contribuíndo a manter a súa funcionalidade e mesmo a melloralas.

## 2.-AVALACIACIÓN DA CONDICIÓI FÍSICA:

A avaliación da condición física mediante diferentes probas ou tests é útil para detectar as capacidades físicas dos individuos e para mellorar aquelas nas que existen déficits. Realizar os tests antes do inicio dun programa de exercicio e ao final de dito programa permite avaliar o progreso do individuo na consecución dos obxectivos marcados. Os obxectivos non só orientan o proceso de entrenamiento senon que tamén promoven a motivación, a autoconfianza e o sentido da responsabilidade.

Algunhas investigacións teñen posto de manifesto o interese que ten coñecer o estado de forma física que posee unha persoa para coñecer o seu estado de saúde. Así pois avaliar a condición física unha necesidade médica (Balady, 2002).

### 2.a) Terminoloxía utilizada na realización de probas ou tests de condición física:

Proba: procedemento de avaliación dunha capacidade determinada en intentos concretos.



## AVALIACIÓN DA CONDICIÓI FÍSICA SAUDABLE (Dr. JJCrespo-Salgado)

Proba de campo: procedemento de avaliación dunha capacidade que se realiza fora do laboratorio ou consulta médica, e que non require equipamento complexo.

Medición: proceso de recollida dos resultados das probas.

Avaliación: proceso de analizar os resultados das probas para tomar decisións.

Proba inicial: proba realizada antes de que comence o programa de exercicio.

Proba intermedia: proba realizada unha ou máis veces durante o periodo do programa de exercicio.

Proba final: proba administrada ao final do periodo do programa de exercicio para valorar o éxito do programa no logro dos obxectivos marcados.

### 2.b) Avaliación da calidade das probas:

As probas son útiles só se a proba mide realmente o que se supón que ten que medir (validez), se a medición é repetible (fiabilidade), se teñen valor predictivo, son sinxelas de aplicar, aceptadas polos pacientes, útiles (permiten a toma de decisións ou medidas correctoras), con escasos efectos adversos (seguras) e economicamente soportables tanto en material como en recursos humanos e en tempo para a súa realización (Morrison, 1992; Fetz y Kornexl, 1976; MacDougall, 1993; Haag y Dassel, 1995; Martínez, 2006). No ámbito dos tests físicos son moi importantes: a obxectividade (independencia de quén realice a proba); fiabilidade (repetibilidade) e validez (grao de comparación cos métodos “gold standard”) –ver Taboa 1-.

-Validez: grao en que unha proba ou variable mide o que pretende medir (Polit e Hungler, 1997). É a característica máis importante dunha proba. Hai varios tipos de validez:

a) De construción ou “constructo”: capacidade da proba para representar o constructo ou teoría desenrolada para organizar e explicar algúns aspectos de coñecimentos e observacións (ex.: un test de camiñata que mida a máxima distancia recorrida en 6 ou 12 minutos sería válida para avaliar a resistencia cardiorrespiratoria dun individuo);

b) De contido: capacidade da proba para responder á valoración realizada polos expertos;

c) De criterio: c.1.-Concurrente: presenta resultados similares aos de outras probas aceptadas que miden a mesma aptitude ou capacidade; c.2.-Converxente: correlación entre o resultado dun test con respecto ao dunha proba recoñecida como de referencia (“patrón ouro”/gold standard).

-Fiabilidade: grao de consistencia ou repetibilidade dunha proba ou medida cando se realiza nas mesmas condicións (Polit e Hungler, 1997). Unha proba ten que ser fiable para ser válida. A correlación estadística entre os resultados dun mesmo tipo de proba realizada ao mesmo individuo nas mesmas condicións é unha medida da fiabilidade test-retest.

Si se produce erro pode deberse a: a) variabilidade individual ou intrasuxeito por falla de consistencia no rendimento da persoa que realiza a proba (ex.: realizar a proba antes de comer e despois de comer); b) variabilidade interobservadores: grao en que coinciden diferentes avaliadores ou observadores (a maior entreno na realización dun test menos erro se comete); c) variabilidade intraobservador: é a ausencia de resultados consistentes por un avaliador determinado, que pode deberse



## AVALIACIÓN DA CONDICIÓE FÍSICA SAUDABLE (Dr. JJCrespo-Salgado)

a formación inadecuada na administración dos tests, falla de atención ou concentración, incumprimento dos procedementos estandarizados para a calibración dos equipos (Martínez, 2006), a preparación dos individuos a avaliar, a administración das probas ou a puntuación da proba. Unha proba pode ser fiable pero non válida (ex.: un test de salto pode ser moi fiable pero non é válido para avaliar a resistencia cardiorrespiratoria).

Para mellorar a precisión e a validez dos tests é importante seguir algunhas estratexias: a) Seleccionar medidas o máis obxectivas posibles; b) estandarización (protocolos estritos de realización); c) formación dos avaliadores; d) utilizar a mellor técnica posible; e) utilizar instrumentos automáticos; f) obter varias medicións; g) calibrar os instrumentos (ver Taboas 4,5 e 6).

Na selección das probas para a avaliación da condición física relacionada coa saúde segúronse criterios de evidencia científica (ver Taboas 2,3 e 4).

Taboa 1.-Coeficientes de calidade das probas de avaliación da condición física  
(adaptado de Barrow/McGee, 1971):

| Coeficiente de correlación | Validez   | Fiabilidade |
|----------------------------|-----------|-------------|
| 0,95-0,99                  | Excelente | Excelente   |
| 0,90-0,94                  | "         | Moi Boa     |
| 0,85-0,89                  | "         | Aceptabel   |
| 0,80-0,84                  | Moi Boa   | "           |
| 0,75-0,79                  | Aceptabel | Débil       |
| 0,70-0,74                  | "         | "           |
| 0,65-0,69                  | Dudosa    | Dudosa      |

### 2.c) ADMINISTRACIÓN DAS PROBAS:

Para conseguir resultados precisos, as probas deben administrarse de xeito seguro, correcto e organizado. O persoal responsable debe garantir a saúde e seguridade de quen realiza as probas, organizar e administrar as probas eficientemente e preparar e instruír adecuadamente aos individuos a avaliar.



Para obter resultados precisos das probas de campo, é importante respeitar unhas directrices específicas. A seguinte lista serve para axudar na administración destas avaliacións:

- A chave para que os datos da proba sexan bós é a preparación. O avaliador debe ler a proba atentamente e practicar as pautas de administración das probas antes de calquera participación cos pacientes.
- Calquera equipo necesario debe ser recollido e verificado para asegurarse de que é exactamente o que se necesita e que funciona correctamente.
- Un plan de probas deben concebirse para mellorar a eficiencia e a participación dos pacientes. A orde de realización das probas é importante.
- Os pacientes deben ser instruídos sobre as técnicas adecuadas para cada test.
- O avaliador debe explicar aos pacientes para qué se destina cada proba e por qué é importante para eles realizala.
- Os pacientes deben practicar cada test e demostrar o xeito apropiado de realización antes de realizar as probas.
- Proporcionar un ambiente que motive a cada paciente para executar o seu mellor test.

Ademáis de coñecer o estado de saúde ou a presenza de síntomas ou signos de alarma (mediante cuestionario validado –do ACSM, 1998 ou o PAR-Q, 1992), é importante realizar as probas en ambiente adecuado, con roupa e calzado adecuados.

#### 2.d) AVALIACIÓN DO RESULTADO DAS PROBAS:

É necesario comparar os resultados cos valores normalizados, tendo en conta:

- a) valores de referencia en relación coa idade,
- b) valores de referencia en relación ao xénero,
- c) valores de referencia en relación ao nivel de actividade física do individuo avaliado.



## AVALIACIÓN DA CONDICIÓ FÍSICA SAUDABLE (Dr. JJCrespo-Salgado)

**Taboa 2.-CALIDADE DOS TESTS FUNCIONAIS EN INFANCIA/ADOLESCENCIA**

**(10-18 anos)\* Aplicables no ámbito clínico e físico-deportivo.**

| PARÁMETRO DA CONDICIÓ FÍSICA SAUDABLE                                        | PROBAS ESTÁNDAR                                                                                                            | PROBA DE PREDICCIÓ EN ATENCIÓ PRIMARIA                                                                                                               | VALIDEZ                                                                                                                                                                                      | FIABILIDADE                                                                                                                                                     |
|------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Aptitude para a Resistencia cardiorrespiratoria ou Capacidade aeróbica       | Ergoespirometría.<br><br>Valorar a resposta cardíaca ao esforzo e/ou na recuperación postesforzo.                          | <i>Course-Navette*</i><br><br><b>Proba de Ruffier (30 flexións de xeonllos en 45 seg).</b>                                                           | <i>Leger et al, 1988; Ruiz et al, 2011; Castro-Piñero et al, 2010; Ortega et al, 2008</i><br><br><i>Tramon, 1981.</i>                                                                        | <i>Ruiz et al, 2011; Ortega et al, 2008.</i><br><br><i>Molero e Vicente, 2000; Yuste e Rodriguez, 2008.</i>                                                     |
| Aptitude Muscular: Forza/Resistencia Muscular                                | Dinamometría isocinética ou isométrica<br><br>Probas máximas de 1 RM.<br><br>Plataforma de forzas, células fotoeléctricas. | <b>Dinamometría manual</b><br><br><b>“Curl-up” (abdominais) en 3´</b><br><br><b>Push-ups (“fondos”)</b><br><br><i>Salto horizontal sen impulso*.</i> | <i>Ruiz et al, 2006; España-Romero, 2010.</i><br><br><i>Warden, Wajswelner e Bennell, 1999; Axler e McGill, 1997.</i><br><br><i>Blazquez, 1990.</i><br><br><i>Castro-Piñero et al, 2010.</i> | <i>España-Romero, 2010.</i><br><br><i>Anderson et al, 1997; Hyytiäinen et al, 1991.</i><br><br><i>Marquez e Garcia, 2012.</i><br><br><i>Ortega et al, 2008.</i> |
| Flexibilidade                                                                | Goniometría, Inclíno metro (método de Leighton),<br><br>Análise fotográfica.                                               | <b>Back-saver sit and reach.</b><br><br><b>Back Scracht Test.</b>                                                                                    | <i>Chung e Yuen, 1999; Chillon et al, 2010; Ortega et al, 2008.</i><br><br><i>Gross, Fetto e Rosen, 1996</i>                                                                                 | <i>España-Romero, 2010.</i><br><br><i>Miotto et al, 1999.</i>                                                                                                   |
| Aptitude neuromuscular (Velocidade/Coordinación/Axilidade)                   |                                                                                                                            | <i>Carreira de ida e volta de 4 x10 m*</i>                                                                                                           | <i>Vicente-Rodriguez et al, 2011; Ortega et al, 2008.</i>                                                                                                                                    | <i>Ortega et al, 2008; España-Romero, 2010.</i>                                                                                                                 |
| Aptitude Morfolóxica (Composición corporal e distribución da graxa corporal) | Hidrodensitometría, DEXA, Pletismografía.<br><br><br><br><br><br><br><br><br><br>TAC abdominal.                            | <b>Peso, Talla (cálculo IMC)</b><br><br><b>Antropometría (Plicometría).</b><br><br><b>Medición Perímetro Cintura.</b><br><br>Bioimpedancia.          | <i>SEEDO, 2007.</i><br><br><i>Lohman e Going 1998, Slaughter et al, 1988; Moreno et al, 2004</i><br><br><i>NIH, 1998, 2000.</i><br><br><br><br><i>Kyle et al, 2004</i>                       | <i>SEEDO, 2007.</i><br><br><i>Lohman e Going 1998, Slaughter et al, 1988.</i><br><br><i>NIH, 1998, 2000; CSEP, 2010.</i><br><br><i>Kyle et al, 2004</i>         |

(\*) Realizaránse estes tests só no caso de contar con pista ou sala adecuada.



**Taboa 3.-CALIDADE DOS TESTS FUNCIONAIS EN ADULTOS (18-60 anos)\***

**Aplicabeis no ámbito clínico e físico-deportivo.**

| PARÁMETRO DA CONDICIÓ FÍSICA SAUDABLE                                        | PROBA ESTÁNDAR                                                                | PROBA DE PREDICCIÓ EN ATENCIÓ PRIMARIA                                                                                        | VALIDEZ                                                                                                                                                                                    | FIABILIDADE                                                                                                                          |
|------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Aptitude para a Resistencia cardiorrespiratoria ou Capacidade aeróbica       | Ergoespirometría.                                                             | <i>Test de camiñata de 2 km*</i><br><br><b>Test de Escalón de Astrand- Ryhming (18 a 65 anos).</b>                            | <i>Oja et al, 1991; Laukkanen et al, 1992.</i><br><br><i>Astrand, 1960; Astrand et al, 2003</i>                                                                                            | <i>Oja et al, 1991; Laukkanen et al, 1992.</i><br><br><i>Astrand, 1960.</i>                                                          |
| Aptitude Muscular: Forza/Resistencia Muscular                                | Dinamometría isocinética ou <b>isométrica.</b><br><br>Probos máximas de 1 RM. | <i>Salto vertical*.</i><br><br><b>Dinamometría manual isométrica.</b><br><br><b>Encorvadas “ Curl-up” de 3’</b>               | <i>Bosco et al, 1983.</i><br><i>Luna, Martin e Ruiz, 2005.</i><br><i>Warden, Wajswelner e Bennell, 1999.</i>                                                                               | <i>Ditroilo et al, 2011.</i><br><i>Rodriguez et al, 1998.</i><br><br><i>Rodriguez et al, 1998.</i>                                   |
| Flexibilidade                                                                | Goniometría, Inclíno metro (método de Leighton).                              | <b>Back-saver sit and reach ou /</b><br><br>Proba Elevación Perna (bilateral) –EPR ou PEPR-.<br><br><b>Back Scracht Test.</b> | <i>Chung e Yuen, 1999; Hui e Yuen, 2000; Ferrer, 1998.</i><br><br><i>Frediksen et al, 1997; Ferrer, 1998; Boland e Adams, 2000.</i><br><br><i>Gross,Fetto e Rosen,1996.</i>                | <i>Hui e Yuen, 2000; Hartman e Looney, 2003; Ferrer, 1998.</i><br><br><i>Frediksen et al, 1997.</i><br><br><i>Miotto et al,1999.</i> |
| Aptitude neuromuscular (Equilibrio/Coordinación)                             | Posturografía dinámica e estática.<br><br>Plataformas de forza.               | <b>Test de equilibrio unipodal de 1 min. (“flamenco”)</b>                                                                     | <i>Suni et al (1998); Bo e Hagen (2004).</i>                                                                                                                                               | <i>Rodriguez et al, 1998.</i>                                                                                                        |
| Aptitude Morfolóxica (Composición corporal e distribución da graxa corporal) | Hidrodensitometría, DEXA, Pletismografía.<br><br>TAC abdominal.               | <b>Peso, Talla (IMC)</b><br><br><b>Antropometría (Plicometría).</b><br><br><b>Perímetro de Cintura.</b><br><br>Bioimpedancia. | <i>OMS, 2011; Shephard, 1997; Davison et al, 2002.</i><br><br><i>Durnin e Womersley, 1974, López-Calbet et al, 1997.</i><br><br><i>Koning et al, 2007.</i><br><br><i>Kyle et al, 2004.</i> | <i>SEEDO, 2007.</i><br><br><i>Durnin e Womersley,1974.</i><br><br><i>NIH,1998,2000; CSEP, 2010.</i><br><br><i>Kyle et al, 2004.</i>  |

(\*)Realizaráanse estes tests só no caso de contar con pista ou sala adecuada.



Taboa 4.-CALIDADE DOS TESTS FUNCIONAIS EN PERSOAS MAIORES DE 60 ANOS\*

Aplicabeis no ámbito clínico e físico-deportivo.

| PARÁMETRO DA CONDICIÓI FÍSICA SAUDABLE                                                          | PROBA ESTÁNDAR                                                  | PROBA DE PREDICCIÓI                                                                                                                                 | VALIDEZ                                                                                                                                                            | FIABILIDADE                                                                                                                                                       |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Aptitude para a Resistencia cardiorrespiratoria ou Tolerancia ao esforzó ou Capacidade aeróbica | Ergoespiometría.                                                | 6MWT <sup>*</sup><br><br>"Step in Place" de 2 minutos.                                                                                              | Rikli e Jones, 1998; Miotto et al, 1999; Hill et al, 2011.<br><br>Rikli e Jones, 1998                                                                              | Rikli e Jones, 1998; Miotto et al, 1999.<br><br>Rikli e Jones, 1998                                                                                               |
| Aptitude Muscular: Forza/Resistencia Muscular                                                   | Dinamometría isocinética ou isométrica                          | Arm-Curl Test.<br><br>Chair stand Test.                                                                                                             | Rikli e Jones, 1999<br><br>Rikli e Jones, 1999; McCarthy et al, 2004.                                                                                              | Rikli e Jones, 1999<br><br>Rikli e Jones, 1999; McCarthy et al, 2004.                                                                                             |
| Flexibilidade                                                                                   | Goniometría, Radiografías, Inclíno metro.                       | Chair-sit and reach Test.<br><br>Back Scracht Test.                                                                                                 | Jones et al, 1998; Jackson y Langford, 1989.<br><br>Gross et al, 1996; Starkey e Ryan, 1996.                                                                       | Jones et al, 1998; Miotto et al, 1999.<br><br>Rikli e Jones, 2001.                                                                                                |
| Equilibrio/Coordinación/ Axilidade                                                              | Posturografía dinámica e estática.                              | Test de equilibrio unipodal ollos abertos ou pechados, ou/ Test de Alcance funcional<br><br>"8-foot-up-and go" Test (2,44 m)/Timed up and go (3 m)* | Vellas et al, 1997; Kim e Tanaka, 1995.<br><br>Duncan et al, 1992.<br><br>Rikli e Jones, 1999;Shumway-Cook, Brauer e Woollacot, 2000 (S e E para detectar caídas). | Franchignoni et al, 1998.<br><br>Weiner et al, 1992; Curcio, Gómez e Galeano, 2000.<br><br>Rikli e Jones, 1999;Podsiadlo e Richardson, 1991; Tinetti et al, 1986. |
| Marcha                                                                                          | Pasillo de marcha con plataforma de forzas.                     | Camiñata cronometrada de 10 metros* (marcha habitual).                                                                                              | Montero-Odasso et al, 2005                                                                                                                                         | Rydwik et al, 2012; Peters, Fritz e Krotish, 2012.                                                                                                                |
| Aptitude morfolóxica: Composición corporal e distribución da graxa corporal                     | Hidrodensitometría, DEXA, Pletismografía.<br><br>TAC abdominal. | Peso, Talla (cálculo IMC)<br><br>Antropometría (Plicometría).<br><br>Perímetro Cintura.<br><br>Bioimpedancia.                                       | OMS, 2011; Shephard, 1997; Davison et al, 2002.<br><br>Durnin e Womersley, 1974, Siri, 1961.<br><br>Koning et al, 2007.<br><br>Kyle et al, 2004.                   | OMS, 2011.<br><br>Durnin e Womersley, 1974;Siri, 1961.<br><br>NIH, 1998; CSEP, 2010.<br><br>Kyle et al, 2004.                                                     |

(\*)Realizaráanse estes tests só no caso de contar con pista ou sala adecuada.



## AVALIACIÓN DA CONDICIÓ N FÍSICA SAUDABLE (Dr. JJCrespo-Salgado)

**Taboa 5.-TESTS FUNCIONAIS EN INFANCIA/ADOLESCENCIA (10-18 anos)\*.**

**Aplicabeis no ámbito clínico e físico-deportivo.**

| PARÁMETRO DA CONDICIÓ N FÍSICA SAUDABLE                                      | PROBA ESTÁNDAR                                                                      | PROBA DE PREDICCIÓ N EN ATENCIÓ N PRIMARIA                                                                                      | MATERIAL                                                                                                       |
|------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Aptitude para a Resistencia cardiorrespiratoria ou Capacidade aeróbica       | Ergoespirometría.<br><br>Valoración resposta cardíaca ao esforzo e na recuperación. | Course/Navette.<br><br><b>Proba de Ruffier (valorar a resposta da Fc realizando 30 flexións de xeonllos en 45´).</b>            | Circuito calibrado (25 m)<br><br>Cadeira, Pulsómetro, Metrónomo, Cronómetro.                                   |
